



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NO CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN VIAIS NA PARROQUIA DE DARBO”

1.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a execución das obras que se determinan no apartado nº 1 do Anexo a este prego conforme co proxecto técnico redactado pola Arquitecta Municipal, Dña. Carmen Gómez Cancela e aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21.01.09.

O Código CNAE da obra é o 45.23 e o seu Código CPV o 45233100-1.

A execución deberá axustarse ás presentes cláusulas administrativas particulares e ao proxecto técnico, e en concreto ao seu prego de prescricións técnicas, planos, cadros de prezos, programa de desenvolvemento dos traballos, estudo de seguridade e saúde e demais contido deste, de conformidade co disposto polo artigo 107 da LCSP.

O proxecto reúne os requisitos do artigo 1 do Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local.

2.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

Por medio da execución do contrato ao que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares faise fronte ás necesidades que constan debidamente xustificadas no expediente.

3.- TIPO DE LICITACIÓN

a) O orzamento base de licitación ten un importe de DOUSCENTOS OITENTA E NOVE MIL SETENTA EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (289.070,82 €)

b) Da cantidade anterior, corresponde en concepto de Imposto sobre o Valor Engadido: TRINTA E NOVE MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (39.871,84 €).

O importe do contrato e os prezos unitarios que rexerán durante a execución das obras serán os do proxecto de execución, aplicando, no seu caso, o coeficiente de baixa resultante da adxudicación.

4.- ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE

O pago das cantidades correspondentes ao orzamento do contrato pagarase nunha soa anualidade correspondente ao ano 2009.

5.- FINANCIAMENTO DA OBRA

O proxecto é financiado con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro.

Segundo o artigo 9.4 do dito Real Decreto Lei, a resolución da autorización do financiamento do proxecto serve de acreditación da existencia e dispoñibilidade de crédito aos efectos previstos nos apartados 3 e 5 do artigo 93 da Lei de Contratos do Sector Público.

A Resolución de aprobación do proxecto foi dictada polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial con data 12.02.2009.

A partida orzamentaria que recollerá este gasto será a seguinte: 511/611.20.

6.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporación Locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e aproba créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 10968/2001, de 12 de outubro.

Ademais deste prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- Prego de prescricións técnicas
- Os planos
- A memoria do proxecto no contido que determina o artigo 128 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas
- O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación
- Os cadros de prezos
- O documento en que se formalice o contrato

En caso de discrepancia entre os distintos documentos contractuais non salvable por unha interpretación sistemática dos mesmos, prevalecerá o establecido neste prego de cláusulas administrativas particulares, salvo que se deduza que se trata dun evidente error de feito ou aritmético.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos e acorda-la súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na lexislación contractual.

Os acordos que dicte o órgano de contratación, logo de informe da Asesoría Xurídica, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

7.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto aplicando o trámite de urxencia a que se refiren os artigos 96 e 28 da LCSP aos efectos de redución de prazos, así como o artigo 9.1 do Real Decreto Lei 9/2008, de 128 de novembro.

8.- PAGO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN

O pago do prezo de adxudicación efectuarase contra certificación de obra expedida mensualmente polo técnico director desta con arranxo ós prezos convidados.

Xunto co certificado presentarase factura polo importe da obra executada e acreditada coa certificación expedida. As facturas, deberán cumprir coa totalidade dos requisitos esixibles de acordo á normativa vixente en cada momento.

As facturas e os certificados de obra presentaranse no rexistro Xeral de entrada do Concello, esa data será a de comezo do prazo para proceder o pago. O pago realizarase dentro dos 30 días posteriores a presentación da factura e dos certificados de obra no rexistro de entrada do Concello. No suposto de que a certificación ou factura presentada conteña defectos o devandito prazo de sesenta días comezará a computar a partir da emenda de tales defectos.

As facturas deberán conter os datos e requisitos establecidos no RD1496/2003, do 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do IVE. A



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS (Pontevedra)

falta de entrega da factura, ou os defectos na presentación da certificación da obra ou factura, impedirá o pagamento e o inicio do cómputo do prazo para o xiro de xuros por demora.

9.- GASTOS.

O contratista adxudicatario estará obrigado a pagar tódolos gastos que se deriven da correcta execución do contrato, inclusive os correspondentes á publicidade do procedemento de adxudicación que lle serán comunicados no acordo de adxudicación, así como, os ocasionados polo documento público formalizador do contrato, no suposto de que así se inste polo adxudicatario. En todo caso os gastos dos anuncios de licitación non superaran a contía de 1.500 euros.

Ademais o contratista-adxudicatario terá que paga-los seguintes gastos:

- 1.- Os preparatorios e de formalización do contrato.
- 2.- Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven do contrato.
- 3.- Asumi-lo pagamento do IVE, que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.

10.- PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O prazo de execución do contrato será de 6 meses. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro dos prazos fixados para a súa realización, así como de ser o caso, dos prazos parciais sinalados para a súa execución.

O prazo de execución comezará o día seguinte ao de formalización da acta de comprobación do replanteo da obra.

En todo caso, as obras deberán rematar antes do 30 de novembro de 2009.

11.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e non estean incurso en algunha das circunstancias que enumeran os artigos 43 e 49 LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira ou técnicas.

A mesa de contratación efectuará a comprobación pertinente ao examinar a documentación administrativa requirida aos licitadores, sen prexuízo do dereito da Administración a facelo en calquera outro momento previo ou posterior á adxudicación do contrato.

Para o caso de unións temporais de empresas que se constituán temporalmente ó efecto, de conformidade co disposto no artigo 48 LCSP, cada un dos empresarios que a integran acreditará a súa personalidade e capacidade de obrar nos termos anteriormente sinalados.

12.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

O adxudicatario deberá constituír unha garantía definitiva equivalente ao 5% do prezo de adxudicación do contrato, IVE excluído. Dita garantía deberá depositarse no prazo de dez días hábiles, ou aquel ao que se comprometa o adxudicatario na súa oferta, contados desde a publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, con independencia da data de notificación persoal da adxudicación, en calquera das modalidades previstas no artigo 84 LCSP.

13.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIONES

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do concello desde as 9,30 ata as 13,30 horas, e se é sábado no rexistro de entrada de 10,00 horas a 13,00 horas durante os trece días naturais seguintes ao da publicación do último anuncio de licitación no BOP ou no DOG. Nese mesmo proceso levarase a cabo a exposición pública do presente prego para os efectos de presentación de reclamacións durante os catro días hábiles seguintes. Se o último día do prazo para presentar proposicións fora inhábil entenderase prorrogado o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

Se dentro do último prazo anteriormente sinalado se produciran reclamacións contra o prego, non suspenderán o prazo para a presentación de proposicións á licitación e serán resoltas polo órgano de contratación. Malia iso, para o suposto de estimación destas procederá, no seu caso, a modificación dos pregos e a apertura dun novo prazo.

As proposicións poderán presentarse por correo, en dito caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación, por FAX, TELEX ou TELEGRAMA, a remisión das proposicións. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso de que se recibira fóra do prazo fixado no anuncio de licitación. Malia isto, transcorridos 10 días naturais desde o remate do prazo de presentación, ningunha proposición enviada por correo será admitida.

As proposicións para tomar parte na contratación presentaranse en tres sobres pechados denominados A, B e C.

- **SOBRE A**, denominado “DOCUMENTACIÓN XERAL”, expresará a inscrición de: **Documentos Xerais para o concurso de adxudicación das obras de “PAVIMENTACIÓN VIAIS NA PARROQUIA DE O DARBO”**, e conterá na orde que aquí se sinala a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da capacidade das empresas

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición nos rexistros profesionais ou comercial ou con presentación das certificacións que se indican no Anexo 1 do RGLCAP, en función dos diferentes contratos.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarias do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar das empresas non españolas do Estado Signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase mediante a inscrición nos rexistros profesionais ou comerciais ou con presentación das certificacións que se indican no Anexo 1 do RGLCAP, en función dos diferentes contratos.

A-5) Restantes empresas estranxeiras.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas nos apartados anteriores, acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ao da Oficina Consular de España do lugar do domicilio da Empresa, na que se faga constar previa acreditación pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto que actúa con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante.

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil.

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá achegarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo secretario da corporación ou funcionario habilitado. Non obstante e con carácter excepcional, os documentos acreditativos da representación poderán ser calificados pola Secretaria Xeral no mesmo acto de apertura do sobre A, consignándose por esta expresamente si a documentación aportada é bastante para o exercicio polo representante das facultades de licitar en relación co expediente concreto.

E) Proba de non atoparse incurso en prohibición para contratar coa administración:

Poderán realizarse calquera destes medios:

a) Mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa.

b) Declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso o licitador en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no art. 49 do LCSP.

Cando se trate de empresas de estados membros da unión europea e de estados signatarios do acordo sobre o espazo económico europeo, e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable, outorgada perante unha autoridade xudicial.

F) Pago do imposto de actividades económicas:

Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, achegado dunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto.

G) Obrigacións tributarias e da Seguridade Social:

Certificación ou documento acreditativo de que o contratista se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social. Malia isto, os licitadores poderán presentar unha declaración responsable na que fagan constar que a empresa se topa ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación soliciten coa maior urxencia a correspondente certificación da Administración Tributaria e da Seguridade Social, co obxecto de poder presentala dentro do prazo establecido para a adxudicación definitiva.

Ademais deberá achegarse certificación de non ter débedas de natureza tributaria co Concello de Cangas, ou ben unha declaración de non ter débedas co Concello de Cangas, debendo aportar neste caso a certificación no mesmo prazo que a certificación anterior.

H) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 24.2 del RXLCAP.

I) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos á que se refire o art. 86 do RGLCAP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación.

Solvencia económica e financeira

A solvencia económica e financeira acreditarase da forma prevista no artigo 64 LCSP

Solvencia técnica ou profesional

A solvencia técnica ou profesional deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, circunstancias que poderán acreditarase, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios sinalados no artigo 67 LCSP.

Especialidades en relación coas unións temporais de empresarios:

- Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, conforme cos apartados anteriores.

En todo caso, aos efectos de acreditar a solvencia económica, financeira e técnica, permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos de recollida de lixo.

J) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

<<D/D^a, no seu propio nome (ou: na representación da empresa), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Cangas, se realicen mediante o seu envío ao fax núm.:



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

En, de de 2009.-
O Licitador,

K) Índice de documentos que integran o sobre

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente, de conformidade co art. 80.1 del RGLCAP.

Os licitadores que figuren inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas e Contratación da Xunta de Galicia, estarán exentos de presenta-la documentación xeral contida na letra A),B),C),D),E),F),G). que será substituída por un certificado en vigor e onde se conteñen estes aspectos expedida polo Rexistro Xeral de Contratistas e Contratación da Xunta de Galicia.

En todo caso os licitadores que presenten esta certificación deberán presentar ademais do certificado a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI, da persoa que presenta a oferta.
- b) Resguardo acreditativo da garantía provisional.
- c) Certificado de non ter débedas co Concello de Cangas, ou ben declaración de non ter débedas co Concello de Cangas, debendo aportar neste caso a certificación antes da adxudicación.
- d) Relación de documentos dos apartados H) e I) se se dan as circunstancias neles establecidas.

• **SOBRE B**, denominado “Proposición económica”, deberá conter a seguinte inscrición: **PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA OPTAR AO CONCURSO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN VIAIS NA PARROQUIA DE DARBO”**

Conterá a oferta económica na que expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido. A proposición económica axustarase ao modelo recollido no Anexo II.

Os licitadores deberán achegar, co fin de dar cumprimento ao establecido no Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro, unha declaración responsable na que se faga constar que, no caso de resultar adxudicatario do contrato, comprométese a que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución das obras se atopa en situación de desemprego, entendéndose que se atopan en tal situación aqueles que cumpran os requisitos establecidos no artigo 208 da lei Xeral da Seguridade Social. Esta declaración axustarase ao modelo recollido no Anexo IV.

• **SOBRE C** denominado “Proposición Técnica” deberá conter a seguinte inscrición: **PROPOSICIÓN TÉCNICA PARA OPTAR AO CONCURSO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN VIAIS NA PARROQUIA DE DARBO”** que incluírá unha memoria técnica denominada “Plan de execución da obra”, na que se desglosen e xustifique a súa oferta en relación cos criterios de valoración distintos do prezo que se establezan para o contrato. A oferta técnica poderá presentarse en soporte informático, en CD non regrabable duplicado, en formato PDF, xunto cun resumo en papel da oferta técnica en cada un dos criterios de valoración do contrato, asinado polo licitador ou o seu representante.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

14.- MESA DE CONTRATACIÓN

A mesa será o órgano administrativo que cualificará os documentos presentados e procederá seguidamente e en acto público, á apertura de proposicións elevándoas coa acta e a proposta de adjudicación ó órgano de contratación que teña que efectuar a adjudicación do contrato para estes efectos terá a seguinte composición:

PRESIDENTE: A Alcaldesa-Presidenta ou Concelleiro en quen delegue.

VOCAIS:

- * A Arquitecta municipal responsable do PREPI
- * A Arquitecta técnica municipal encargada de Obras.
- * O Concelleiro Ddo.de Obras e Servizos.
- * O Interventor do concello.
- * A Secretaria do concello.

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Urbanismo.

Para o suposto de ausencia dalgún dos restantes vocais serán substitutos polos funcionarios que substitúan ó interventor ou ó secretario no exercicio das súas funcións.

15.- APERTURA DE PROPOSICIÓN

A mesa de contratación ao terceiro día hábil non sábado, de concluír o prazo de presentación de proposicións, procederá ás 12,00 horas, en acto non público, á cualificación dos documentos presentados polos licitadores no sobre A.

A mesa de contratación, de acordo co previsto no art. 22 do RD 1098/2001, poderá recabar do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou incluso pedirlle a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprimentarse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Se a mesa de contratación observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, concederá un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores os subsanen.

Os requirimentos de complemento ou aclaración e de subsanación de documentación faranse públicos mediante o seu anuncio no taboleiro de edictos do concello, sen prexuízo da súa notificación individual ós empresarios afectados.

En todo caso non procederá a apertura das proposicións presentadas ata que a mesa decidise sobre as que fosen admitidas, unha vez transcorridos, de terse requirido os prazos anteriores para complemento, aclaración ou subsanación da documentación.

Do actuado conforme co sinalado neste artigo deixarase constancia expresa na acta que para efecto deberá de levantarse, na que así mesmo, farase pronunciamento explícito sobre os empresarios admitidos a licitación, os rexeitados e as causas de exclusión.

Posteriormente, ás 12:30 do mesmo día e rematada a cualificación da documentación, procederase á apertura en acto público do sobre B, sempre e cando non se requiran aclaracións, complementos ou



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS (Pontevedra)

subsanacións da documentación presentada. Neste caso o día de apertura de proposicións fixarase no taboleiro de anuncios do concello cunha antelación de cando menos 3 días ata a realización.

O acto comezará dando lectura ao anuncio do contrato, para seguir co reconto das proposicións presentadas, contrastadas coas certificacións emitidas pola oficinas receptoras. Tras isto darase coñecemento ao público do número de proposicións presentadas e do nome dos licitadores, invitando ós licitadores a comprobar que os sobres presentados se atopan en iguais condicións nas que foron entregados.

Para o caso de discrepancias estarase ao disposto no art. 83 do RD 1098/2001.

A mesa unha vez valorados os criterios para o concurso presentados polos licitadores, remitirá a acta, con proposta de adxudicación ó órgano competente para a contratación, que tralos informes técnicos que estime procedentes e logo da comprobación de achega pola empresa proposta do cumprimento das obrigas sinaladas na cláusula seguinte, adxudicará o contrato no prazo máximo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001, serán rexeitadas motivadamente.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario provisional fronte a administración.

De todo o actuado levantarase acta.

A mesa non formulará nese mesmo acto proposta de adxudicación ao órgano de contratación, senón que acordará data e fará o estudo e valoración dos criterios obxectivos de valoración que se indican no prego.

16.- CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

Plan de execución da obra

1. Estudio e comprobación do proxecto de execución: de 0 a 20 puntos

Na Memoria técnica que presenten os licitadores se analizarán os aspectos máis destacables do proxecto demostrando o seu estudo e análise. Farase especial incidencia nos aspectos seguintes, que serán valorados como se indica:

- a.- Plan de vixilancia e xestión medioambiental, atendendo tamén, de ser o caso, ás orixes e destinos dos movementos de terra (préstamos) e para aquelas obras nas que sexan significativos. Ata 4 puntos.
- b.- Comprobación de medicións comparadas coas que aparecen no proxecto que define a obra e serven de base á adxudicación. As medicións que aparecen neste documento serán as que se utilicen para calcular o prezo ofertado. Ata 4 puntos.
- c.- Xustificación do prazo ofertado de acordo coa metodoloxía constructiva descrita para a execución das distintas unidades de obra e a coherencia co plan de obras. Ata 3 puntos.

d.- Plan de detección de erros ou omisións e o seu análise cuantitativo e cualitativo do mesmo. Se terá en conta a información que se presente que demostre coñecemento do espazo físico de actuación e da zona de emprazamento. Ata 3 puntos.

e.- Medios persoais que se adscriban á execución da obra, en atención á súa experiencia acreditada en traballos similares, especialmente o xefe de obra e o encargado que se propoñan polo oferente. Ata 6 puntos.

Neste apartado valorarase positivamente ás empresas que acrediten o estudio concreto da obra, a súa problemática particular e as solucións propostas, de forma precisa e concisa e de acordo co establecido neste apartado, e negativamente podendo non ser tidas en conta, as xeneralidades achegadas na oferta que non teñan referencia directa coa obra que se estudia.

2. Reducción de prazos administrativos: de 0 a 20 puntos

Valoraranse as proposicións que oferten reducións sobre o prazo establecido neste prego para o cumprimento dos distintos requirimentos administrativos previos ó inicio da obra, dende a data de notificación da adxudicación provisional do contrato por parte do Concello, ata o comezo das obras:

a.- Prazo para presentar a documentación para a adxudicación definitiva: prazo máximo 15 días dende a publicación da adxudicación provisional.

b.- Prazo para formalizar o contrato en documento administrativo: prazo máximo 10 días dende a notificación da adxudicación definitiva.

c.- Prazo para presentar o plan de seguridade e saúde: prazo máximo 15 días dende a formalización.

d.- Prazo para asinar a acta de comprobación de replanteo e comezo das obras: prazo máximo 30 días dende a formalización.

Poderase propoñer un recorte de cada un dos prazos sinalados, xustificado cun programa de actuacións que aseguren o cumprimento do compromiso de redución de prazo, describindo as previsións nun diagrama de barras obtido a partir dun estudio tempos-actividades.

A máxima puntuación corresponderá ó menor prazo ofertado para realizar estes trámites, valorándose o resto de ofertas proporcionalmente.

Se considerarán desproporcionadas las propostas de redución de prazos superiores a dous tercios do prazo máximo sinalado.

3. Volume de man de obra: de 0 a 20 puntos

Tomarase en consideración para valorar as ofertas o volume de man de obra que se utilizará na execución do contrato, incluíndo tanto a contratada como a contratar.

Corresponderá a máxima puntuación á empresa que maior número de persoas destine á execución do contrato, distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa.

En todo caso, o persoal declarado como destinado á execución do contrato deberá gardar a debida coherencia co Plan de traballo achegado. Esta circunstancia poderá ser comprobada pola Administración en calquera momento durante a execución do contrato, requirindo para elo a documentación que considere conveniente.

4. Ampliación de coberturas durante o prazo de garantía: de 0 a 25 puntos

4.1. Proxecto de conservación e policía das obras: de 0 a 5 puntos. Sen prexuízo da obriga



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS (Pontevedra)

do contratista de coidar da conservación e policía das obras durante o período de garantía, se valorará o proxecto específico que conteña compromisos expresos ó respecto en canto a vixilancia, prevención de actos antivandálicos, reparación e reposición de elementos danados, etc.

4.2. Ampliación do prazo de garantía: de 0 a 10 puntos.

4.3. Actuacións complementarias durante o prazo de garantía: de 0 a 10 puntos. Se valorarán propostas concretas de mantemento da obra e instalacións executadas durante o prazo de garantía, adicionais ás meras tarefas de conservación e policía, incluídas labores especiais de mantemento, conservación e reparación de equipos e instalacións, vixilancia especial, necesarios para o funcionamento da instalación durante todo ou parte dese período de tempo.

A puntuación deste criterio se realizará partindo da valoración económica que da súa proposta realicen os licitadores, supervisadas polos técnicos municipais, e si se estima necesario, polo redactor do proxecto. Corresponderá a máxima puntuación en cada apartado ao maior valor económico das actuacións propostas, distribuíndose a puntuación proporcionalmente a las restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa.

As proposicións que ofrezan actuacións complementarias durante o prazo de garantía cuxo valor económico sexa superior ao 15% do prezo de licitación (IVE excluído) se considerarán anormais ou desproporcionadas.

Aquelas actuacións que non se valoren economicamente non serán tidas en conta.

5. Melloras sen custe adicional : de 0 a 30 puntos.

Neste apartado valorarase o proxecto de obras de melloras complementarias que se referirán obrigatoriamente a obras a executar no mesmo ámbito físico das obras do proxecto. Como regra xeral só se admitirán as seguintes melloras:

- Previsión de recollida de augas pluviais con formación de cunetas en formigón ou canalizadas.
- Dotación de tubos salvacunetas nos accesos ás propiedades.
- Aportación tm. de aglomerado para regularización de firmes.
- Melloras de seguridade vial, sinalización vertical e horizontal e protección fronte aparcamento ilegal.

Os licitadores achegarán ofertas complementarias ao proxecto de adjudicación, e se valorarán sempre que teñan un valor engadido sobre a propia obra e repercutan no mellor servizo e utilidade pública. Para a valoración das ditas melloras utilizaranse as unidades (materiales, maquinaria e man de obra) e prezos do proxecto.

A valoración das melloras se realizará partindo da valoración que das mesmas den os ofertantes, supervisadas polos técnicos municipais, e si se estima necesario, polo redactor do proxecto, que poderán, razoadamente, non valorar as propostas dos licitadores por considerar que non representan unha mellora sustancial. Corresponderá a máxima puntuación (30 puntos) ao maior valor económico das unidades ofertadas como mellora, distribuíndose a puntuación

proporcionalmente as restantes de xeito proporcional mediante una regra de tres simple directa.

As proposicións que ofrezan melloras por un importe económico superior ao 15% do prezo de licitación (IVE excluído) consideraranse anormais ou desproporcionadas. O carácter desproporcionado ou temerario da proposta será analizado á vista do informe que, sobre este extremo, poda emitilo técnico director da obra ou, no seu defecto, técnico municipal.

Antes da emisión deste informe, solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta, xustificación sobre a que se pronunciará o técnico redactor do proxecto.

6. Control de calidade interno e externo da obra: de 0 a 10 puntos.

6.1. Control de calidade interno: de 0 a 5 puntos. Se valorará a proposta de control de calidade nos materiais a empregar, nos métodos de execución das distintas unidades de obra, e nos remates finais da obra, que o contratista propoña realizar co seu persoal responsable de calidade ou a través de empresas externas especializadas en control de calidade das obras. O plan de control de calidade describirá o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra durante todo o proceso de execución, os materiais con certificados de calidade que empregará na obra e unha breve información do equipo de control. A Mesa de contratación valorará o deseño do plan de control de calidade, ou solicitará un informe técnico para realizar tal valoración, atribuíndose en ambos casos a máxima puntuación á mellor proposta en conxunto sobre este aspecto, distribuíndose os puntos ó resto de licitadores proporcionalmente.

6.2 Control de calidade externo: de 0 a 5 puntos. Se valorará a maior cantidade económica que, dentro do prezo de contrato ofertado, o contratista ofrece para que se realice un control de calidade externo contratado polo Concello dos traballos que executa. Esta oferta deberá realizarse en porcentaxe sobre o prezo de licitación IVE excluído, por encima do 1%. A máxima puntuación atribuirase á oferta que máis porcentaxe ofrezca a este fin, e ó resto de ofertas a puntuación que proporcionalmente lle corresponda por regra de tres simple directa.

Non se admitirán ofertas que ofrezan unha porcentaxe para realizar o control de calidade externo superior a un 3% do prezo de licitación, IVE excluído.

7.- Maior cobertura do risco: de 0 a 5 puntos

Neste apartado valorarase a suscripción pola empresa dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que dea cobertura á empresa polos danos causados no desenvolvemento de súa propia actividade na execución da obra.

Corresponderá a máxima puntuación á empresa que achegue a póliza con maior cobertura, distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa.

17.-ADJUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. Adjudicación provisional

A adjudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que se notificará aos licitadores e se publicará no perfil de contratante do Concello de Cangas (www.cangas.org) e se os interesados o solicitaran facilitaráselle información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos de rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adjudicación ao seu favor.

O órgano de contratación procederá á adjudicación provisional no prazo máximo de vinte días naturais contados dende o que remate o prazo para achegar proposicións. Este prazo se ampliará en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites previstos no artigo 136.3 LCSP.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

2. Adxudicación definitiva

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva mediante resolución motivada dentro dos 5 días hábiles seguintes a aquel en que remate o prazo establecido no artigo 135.4, parágrafo primeiro, en relación co disposto no artigo 96.2.b).

Durante este prazo o adxudicatario provisional deberá:

- a. Presentar a documentación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, o Concello de Cangas e coa Xunta de Galicia.
- b. Constituír garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 84 LCSP.
- c. Presentar xustificante de ter aboado ao Concello o importe dos anuncios de licitación.

A adxudicación do contrato, unha vez acordada polo órgano de contratación, será notificada aos participantes na licitación, nos termos establecidos no artigo 137 LCSP.

18.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

A documentación achegada polos licitadores que non resultasen adxudicatarios, a excepción da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores transcorridos tres meses contados dende o día seguinte á notificación da adxudicación ós licitadores, e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de interposición de reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. Transcorrido dito prazo a Administración disporá da documentación non retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre a mesma.

19.- RENUNCIA Á CELEBRACIÓN DO CONTRATO POR PARTE DO CONCELLO

O órgano de contratación poderá renunciar a celebrar este contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, antes de adxudicar o contrato, de acordo co previsto no art. 139 da LCSP. O acordo de renuncia será notificado a todos os licitadores que presentaran as súas ofertas e será publicado nos medios nos que fora anunciada a licitación deste contrato. O Concello compensará ós candidatos ou licitadores polos gastos en que tiveran incorrido, previa xustificación dos mesmos, ata un máximo de 1% do prezo de licitación. Non se poderá promover unha nova licitación para esta obra en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

20.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A empresa seleccionada, así mesmo, deberá de achegar con anterioridade á formalización do contrato:

- A designación do representante do contratista na obra.
- Efectúa-lo pagamento dos gastos sinalados na cláusula 9.
- Plan de Seguridade e de Saúde no traballo, de acordo co establecido no RD 1627/1997. Dito Plan será informado polo técnico director das obras e aprobado polo órgano de contratación con carácter previo á acta de comprobación do planeamento e, en consecuencia, ó inicio das obras. Así mesmo deberá asumir o control de calidade da obra.

Para o caso de que o contrato fora adxudicado a unha Agrupación de Empresas deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do Contrato, e NIF asignado á Agrupación.

Cumpridos os anteriores requisitos e acreditada a constitución da garantía definitiva, a Administración e o contratista formalizarán o contrato de obra en documento administrativo, dentro dos dez días hábiles contados dende o seguinte ó de notificación da adxudicación definitiva, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro. Non obstante o anterior, dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a pedimento do contratista e ó seu custo. O contratista, ademais do contrato, deberá asinalo prego de cláusulas administrativas particulares e, no seu caso, do prego de prescricións técnicas particulares.

Cando por causas imputables ó contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite preciso a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia. En tal suposto procederá a incautación da garantía provisional e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

21.- COMPROBACIÓN E REPLANTEO

A execución do contrato comezará coa acta de comprobación do replanteo. A tódolos efectos dentro dos quince días seguintes ó da data de formalización, o director das obras e o adxudicatario efectuarán a comprobación do replanteo, segundo o disposto no artigo 212 LCSP, estendéndose acta do resultado que será asinada polas partes intervinentes, remitíndose un exemplar desta á Secretaría Xeral do concello e, que dará conta dela ó órgano de contratación e a arquivarán no expediente de contratación. A data será sinalada pola administración.

No caso de que o contratista convenientemente notificado non acuda ó acto de replanteo considerarase incumprimento do contrato.

No suposto de que non fose posible formalizar a acta de comprobación de replanteo, estarase o disposto nos artigos 139 a 141 do Regulamento xeral da lei de contratos.

22.- PROGRAMA DE TRABAJO E PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN

a.- Aprobación do programa de execución dos traballos

O adxudicatario deberá presentar no prazo dun mes dende a formalización do contrato, salvo que o tivese presentado na súa oferta, o programa de traballo no que se concreten os prazos parciais de execución das distintas unidades de obra, cos datos esixidos no art. 144.3 do RGLCAP. Este programa será aprobado polo Director de obra cando o prazo de execución destas sexa inferior a un ano e polo órgano de contratación, previo informe do Director de obra, cando a duración da mesma supere ese prazo.

Atendendo á natureza da obra o Presidente, a proposta do técnico director poderá dispensar da presentación do programa de traballo. En ningún caso se dispensará cando se trate de obras plurianuais.

b. Prórrogas

O prazo de execución material das obras poderá ser prorrogado por acordo expreso do Concello nos supostos e cos aumentos de prazos seguintes:

a. Modificación do contrato acordada nos termos previstos no LCSP deste prego. O prazo de prórroga será o que resulte do proxecto modificado sen que poida exceder da metade do prazo inicial do contrato.

b. Incumprimento parcial do prazo de execución por causa non imputable ao contratista, debida a acontecementos totalmente alleos a súa vontade e imprevisibles para el, cando se comprometa a



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS (Pontevedra)

executar totalmente a obra nun prazo máximo igual ó perdido. Non se considerará como causa non imputable ó contratista as inclemencias meteorolóxicas normais tendo en conta a época do ano na que se executará a obra, que deberon ser tidos en conta polo contratista ó realizar a súa oferta.

c. Incumprimento parcial do prazo de execución por parte do contratista cando, tras a oportuna sanción, se comprometa a concluír os traballos no prazo adicional que se lle conceda.

d. Suspensión do contrato por causa de retraso no pago por parte do Concello que non conleve a resolución do mesmo: a prórroga será igual ó tempo de suspensión da execución por esta causa.

e. Suspensión temporal total acordada polo órgano de contratación por razóns de interese público.

En todo caso, as condicións do contrato durante a prórroga serán as establecidas neste prego e nos restantes documentos contractuais, sen que poida haber máis alteracións que o prazo de execución e, no seu caso, as que se deriven do proxecto modificado.

23.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

Dentro dos quince días despois ao de formalización da acta de comprobación de replanteo, e en todo caso antes de iniciar as obras o adxudicatario ven obrigado a presentar perante o órgano de contratación un programa de traballo no que se prevexa a existencia de prazos parciais para a execución das obras. Neste programa deberá constar a aceptación deste por parte do director da obra. En idéntico prazo deberá presentarse un plan de seguridade e saúde. Ese plan de seguridade debe ser informado polo director ou coordinador de Saúde, e aprobado polo órgano de contratación, antes do inicio das obras.

O contratista asumirá a obriga de dar o aviso de comezo das obras a que se refire o artigo 18 do R.d. 1627/1997 á autoridade laboral competente. Dito aviso deberá redactarse de acordo co disposto no anexo III do mencionado RD.

Condicións de execución

As obras executaranse con estricte suxeición ao presente prego e ao proxecto que serve de base ó contrato, e conforme coas instrucións que, en interpretación técnica deste, dese ó contratista o director facultativo das obras. En todo caso executaranse a risco e ventura do contratista, correspondendo ó mesmo indemnizar todos os danos que se causen tanto á administración contratante como a terceiros, derivados dos traballos realizados para a execución do servizo, salvo cando tales prexuízos fosen ocasionados como consecuencia directa e inmediata dunha orde da Administración.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Cando o contratista ou persoas del dependentes incorra en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

O contratista quedará obrigado, con respecto ó persoal que empregue na entrega, distribución, instalacións e execución dos traballos obxecto deste contrato, ó cumprimento das disposicións en materia de lexislación laboral e de seguridade social vixente durante a execución do contrato.

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, dende que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 101 LCSP.

Recepción e recusación de materiais: o contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o director das obras non aceptase os materiais sometidos ó seu exame deberá comunicalo por escrito ó contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

Obras defectuosas ou mal executadas: ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que houberse nelas, sen que sexa eximente, nin lle outorgue dereito algún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles en medicións e certificacións parciais.

Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas: se advertisen vicios ou defectos na construción, ou se tiveran fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o director das obras ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

O contratista responderá, durante os 15 anos seguintes á data da recepción das obras, dos danos e prexuízos ocasionados por ruína destas, motivada por vicios ocultos na construción, debido ó incumprimento do contrato.

Transcorrido dito prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de acordo co artigo 219 LCSP.

Condicións especiais de execución

Será condición de execución do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 9.2 do Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución das obras se atope en situación legal de desemprego.

24.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do Concello, ó seu obxecto e unha vez recibidas as obras, de conformidade co disposto no artigo 205 LCSP.

Sempre que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sin o cumprimento do acto formal de recepción, dende que concorran ditas circunstancias producíranse os efectos e consecuencias propias do acto de recepción.

25.- CERTIFICACIÓN COMPLEMENTARIA

Unha vez rematada a obra, o contratista deberá presentar Certificación ou declaración xurada relativa ao número de traballadores que de xeito efectivo estiveron adscritos á obra, sinalando cantos eran propios do cadro de persoal da empresa, e cantos de nova contratación procedentes do desemprego (seguirase o modelo de declaración de man de obra que consta como Anexo IV, con declaración do efectivamente contratado)



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS (Pontevedra)

26.- MEDICIÓNS E FORMA DE PAGAMENTO

1. Medicións.

O técnico director realizará mensualmente e na forma que se estableza no prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior. O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obras cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, a fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade suscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ó contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

2. Relacións valoradas.

O técnico director tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

3. Certificacións.

As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e serán tramitadas polo técnico director nos dous días seguintes do período ó que correspondan previa a audiencia ó contratista para os efectos da súa conformidade ou reparo.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poida reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas polo técnico director da obra e aprobadas polo órgano competente. Asimesmo o contratista deberá presentar factura axustada á totalidade dos requisitos esixibles dacordo coa normativa vixente en cada momento. Tanto as certificacións como as facturas deberán presentarse no Rexistro de entrada do Concello ou calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992.

27.- ABONO POR ACOPIOS OU ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DO CONTRATO

O contratista poderá percibir abonos a conta sobre o prezo do contrato, polas operacións preparatorias realizadas como acopio de materiais, instalacións ou equipos de maquinaria pesada. O importe desta certificación non poderá exceder do 75% dos materiais acopiados, nin das porcentaxes que para as instalacións e equipos se establecen no artigo 156.1.b do RXLCAP. O contratista deberá solicitar expresamente estes abonos a conta, xuntando os documentos que xustifiquen a súa propiedade ou posesión, ser recibidos pola dirección de obra como útiles e almacenados no lugar autorizado ó efecto. Ademais, deberá constituír unha garantía polo importe total dos pagos a conta que se realicen, garantía que poderá realizarse en calquera das formas previstas para a constitución da garantía definitiva deste contrato. As cantidades anticipadas se irán deducindo polo Director de obra nas certificacións de obra posteriores que correspondan.

28.- PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

1.- Penalidades por demora na execución.

- En caso de que o contratista incorrese en demora no prazo total ou parcial do contrato por causas imputables ó mesmo, o órgano de contratación sen necesidade de intimación previa, poderá impoñer penalidades diarias na proporción de 0,20 € por cada 1000 euros do prezo do contrato.
Cada vez que as penalidades por mora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato o órgano de contratación estará facultada para proceder á resolución do contrato, con perda da garantía definitiva e indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración, no que exceda do importe da garantía incautada, ou acorda-la continuidade do contrato con imposición de novas penalidades.
- Se a demora fose por causas non imputables ó contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos, o órgano de contratación prorrogaralle o prazo nun tempo igual ó menos, ó tempo perdido, salvo que o contratista solicítase outro menor.

2.- Penalidades por execución deficiente do contrato.

As infraccións que cometa o contratista na execución do contrato poderán ser cualificadas como moi graves, graves e leves.

Terán a consideración de faltas MOI GRAVES as seguintes:

- a. A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó contratista, por un prazo que exceda de 72 horas salvo nos supostos de folga non imputables ó contratista ou forza maior.
- b. A execución manifestamente irregular das obras.
- c. A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte das obras contratadas, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano de contratación, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.
- d. O incumprimento das obrigas laborais, das de Seguridade Social e de todas aquelas correspondentes a lexislación de seguridade e saúde laboral.
- e. O incumprimento do disposto na cláusula 8.1.6
- f. A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas dos contratista.
- g. A modificación do programa de execución das obras sen previa autorización municipal.
- h. A acumulación de dúas faltas graves dentro dun período de doce meses, se denunciada e sancionada a primeira se incorrese a segunda.

Terán a consideración de FALTAS GRAVES as seguintes:

- a. O atraso na execución das obras de forma non reiterada nin sistemática.
- b. A interrupción das obras por calquera causa que sexa por un prazo non superior ás setenta e dúas horas, agás no caso de folga legal ou forza maior.
- c. A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.
- d. A desobediencia por dúas ou máis veces, das ordes dadas por escrito ó adxudicatario pola Administración municipal.
- e. A contratación de persoal a través de empresas de traballo temporal de xeito habitual e sen que medien causas excepcionais autorizadas polo Concello.
- f. A reiteración na comisión de faltas leves, sempre que sexan da mesma natureza.

Terán a consideración de faltas LEVES

- a. A imperfección non reiterada na execución das obras.
- b. O atraso ocasional e polo menos dun día na execución das obras.
- c. Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave.
- d. Falta de respecto ao público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS (Pontevedra)

- As faltas moi graves sancionaranse con multa comprendida entre o 6,01 % e o 10% do orzamento do contrato ou rescindir o contrato, previa a tramitación do correspondente expediente administrativo, con audiencia ó contratista.

- As faltas graves sancionaranse con multa comprendida entre o 3,01% e o 6,00% do orzamento do contrato.

- as infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou imposición de multa de ata o 3,00% do orzamento do contrato.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houberse lugar, como consecuencia dos feitos constitutivos da infracción.

As sancións impórnanse previa incoación do correspondente expediente, do que se dará traslado ó adxudicatario por un prazo non inferior a dez días, a fin de que poida formular alegacións e propoñer as probas que estime pertinentes.

A resolución do expediente para a imposición da penalidade administrativa corresponderá ó órgano de contratación. O importe das mesmas farase efectivo mediante dedución das mesmas nas correspondentes facturas, respondendo en todo caso a garantía definitiva da súa efectividade.

3.- Outras penalidades.

Poderán impoñerse penalidades de ata o 50% do importe do subcontrato para as infraccións ou incumprimentos sinalados no artigo 210.3 LCSP.

29.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

En todo o referente á modificación do contrato o contratista adxudicatario deberá observar o procedemento establecido nos artigos 202 e 217 LCSP. En ningún caso considerarase modificación, as posibles obras complementarias que se poidan entender concernentes á obra principal, entendéndose por estas aquelas que son susceptibles de utilización separada; en consecuencia as modificacións terán que ser intrínsecas á obra adxudicada e obedece-las necesidades novas ou causas imprevistas xustificadas polo director da obra. Estas modificacións deberán ser autorizadas, en todo caso, polo órgano contratante con independencia daquelas que sexan necesarias por razón de urxencia.

Calquera modificación do contrato que se levara a cabo de forma diferente á establecida neste apartado, será a conta do contratista.

30.- REVISIÓN DE PREZOS

Dada a duración do contrato non será aplicable a este a revisión de prezos, conforme ao artigo 77 do LCSP.

31.- CARTEIS E SINAIS

Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar a súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que se sinalan na Resolución de 13 de xaneiro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se ordena a publicación do modelo e as condicións técnicas do cartel anunciador que debe instalarse nas obras financiadas con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.

Deberá ademais colocar as sinais precisas para indica-lo acceso á obra, a circulación na zona que ocupen os traballos e os puntos de posible perigo, debido á marcha daqueles, tanto en dita zona como nos seus límites inmediatos

Dito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva.

32.- DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS

A dirección e inspección das obras que corresponde ó técnico designado pola Xunta de Goberno Local no acto de adxudicación (Director de obra e no seu caso Director de execución da obra, de acordo co disposto nos artigos 12 e 13 da lei 38/199 de 5 de novembro de Ordenación da Edificación), o cal dictará as instrucións necesarias ó contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordenes. Non obstante, a Alcaldía da Corporación poderá inspecciona-las obras cando o estime oportuno ou encomendar ditas funcións ós técnicos da Corporación.

33.- CONTROL DE CALIDADE

A dirección, de acordo co previsto no prego de prescricións técnicas e o proxecto ordenará que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata o importe máximo do 1% do orzamento de contrata da obra (IVE engadido).

34.- RECEPCIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE GARANTÍA

O contratista comunicará por escrito ó facultativo da obra da data prevista para o seu remate, cunha antelación mínima de un mes.

A recepción e liquidación das obras realizarase como nos termos indicados no artigo 218 do LCSP.

Se as obras se atopan en bo estado e se executaron conforme coas prescricións previstas, o técnico director das obras municipal recibiraas facéndoo constar así na acta, e entregándoa ó uso ou servizo público, polo que comezará o prazo de garantía.

Se as obras non se atopasen en estado de ser recibidas débese facer constar así na acta, sinalando, o director das obras, os defectos, e daranse instrucións precisas para que se remedien os defectos observados nun prazo determinado.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ó contratista a conta da liquidación do contrato.

Establécese un prazo de garantía que se indica no apartado 5 do anexo, contado a partir da data de recepción. Durante este período o adxudicatario queda obrigado a efectua-las labores de conservación e policía que se lle demanden, séndolle a el imputables, salvo proba en contra, dos danos que xurdan durante este período.

Transcorrido o prazo de garantía se non existen responsabilidades que teña de exercitarse sobre a garantía definitiva acordarase a súa devolución ou cancelación.

35.- LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Dentro do prazo de 15 días anteriores ó cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo no caso de responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigas pendentes aplicándose o pago destas últimas ó disposto no artigo 200.4 LCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ó uso do construído, durante o prazo da garantía o director facultativo procederá a dicta-las oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

36.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, existirán especificamente as seguintes:

a) A dar cumprimento ao establecido na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, no R.d. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e no R.d.171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais en materia de coordinación de actividades empresariais.

b) A dispoñer no centro de traballo os libros de ordes e de incidencias, previamente dilixenciados polas autoridades laborais competentes.

c) A facerse cargo do pago dos anuncios oficiais da licitación.

d) Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar a súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que se sinalan na Resolución de 13 de xaneiro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se ordena a publicación do modelo e as condicións técnicas do cartel anunciador que debe instalarse nas obras financiadas con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.

Deberá ademais colocar as sinais precisas para indica-lo acceso á obra, a circulación na zona que ocupen os traballos e os puntos de posible perigo, debido á marcha daqueles, tanto en dita zona como nos seus límites inmediatos.

Os ditos carteis deberán manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva.

e) Executar as obras na forma, tempo e condicións establecidas neste prego e no prego de condicións técnicas particulares.

f) Cumprir as disposicións laborais e de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais que sexan inherentes a súa condición de empresario do persoal ás súas ordes que presten servizo.

g) Responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á administración municipal como a terceiras persoas.

h) A dotación do material necesario e sempre de acordo co proposto polo adxudicatario para a execución da obra, en especial, os medios materiais e persoais.

i) Subscribir, no seu caso, as correspondentes pólizas de seguro.

j) Cumprir cantas obrigas lle veñan impostas en relación co obxecto do contrato por precepto legal ou regulamentario.

37.- OBRIGAS DO CONCELLO

a) Garantir ao contratista o auxilio para a correcta execución das obras, especialmente poñendo á súa disposición os terreos precisos.

b) O pagamento do prezo do contrato de acordo co disposto neste prego.

c) Cumprir o deber de vixilancia empresarial establecido no artigo 10 do RD 171/2004, do 30 de xaneiro, sobre coordinación de actividades empresariais.

d) Calquera outra obriga que lle sexa imposta neste prego, no prego de prescricións técnicas particulares e cantas outras lle veñan impostas en relación co obxecto do contrato por preceptos legais ou regulamentarios.

38.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO

38.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute con arranxo ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade. Dito aboamento deberá efectuarse dentro do prazo máximo de sesenta días a contar desde a expedición da certificación e rexistro da correspondente factura. A execución da obra por importe superior ó previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ó contratista o seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

38.2.- Dereito a cobrar como máximo o interese legal fixado de acordo co sinalado no art. 200.4 da LCSP en relación coa Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Malia isto o indicado no apartado anterior, no suposto de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non tivese advertido no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a existencia do mesmo, o prazo para esixi-lo interese de demora non se iniciará ata que se subsanen os defectos que contivese a certificación, computándose, polo tanto, o prazo para esixi-lo interese legal a partir da expedición da certificación subsanada.

De igual modo, se a factura contivese algún erro ou omisión, o prazo para esixir os xuros de demora non se iniciará ata que se subsanen os defectos que contivese a factura.

39.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas de resolución as sinaladas no art. 206 e 220 da LCSP. Acordaranse no caso de que proceda polo órgano contratante previo informe xurídico emitido para o efecto e audiencia do contratista efectuándose a liquidación que proceda, tramitándose de conformidade co procedemento recollido no artigo 109 RXLCAP.

40.- XUROS DE DEMORA

Establecese expresamente como interese de demora o fixado no art. 220.4 do LCSP en relación coa Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

41.- XURISDICCIÓN

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a teor da lei de dita xurisdicción. Non obstante, os interesados poderán interpo-lo recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

ANEXO I

1.- OBXECTO DO CONTRATO:

- OBRA: “PAVIMENTACIÓN VIAIS NA PARROQUIA DE DARBO”
- PROXECTO REDACTADO POR: Dona Carmen Gómez Cancela
- PROXECTO APROBADO EN : Xunta de Goberno Local 21.01.09

2.- TIPO DE LICITACIÓN: DOUSCENTOS OITENTA E NOVE MIL SETENTA EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (289.070,82 €)

- Orzamento sen IVE: 249.198,98 €
- IVE: TRINTA E NOVE MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (39.871,84 €).
- Anualidades con IVE:
 - 2009: 289.070,82 €

3.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA.

- PARTIDA ORZAMENTARIA: 511/611.20
- FINANCIAMENTO : Esta obra financiase con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local creado por Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro.

4.- PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS: 6 meses

5.- PRAZO DE GARANTÍA: 1 ANO

6.- PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN: ABERTO

7.- TRAMITACIÓN: URXENTE

8.- GARANTÍAS ESIXIBLES:

- Provisional: NON
- Definitiva: 5% do prezo de adxudicación.

9.- VARIANTES

- Non admite variantes.

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D....., co D.N.I. nº:.....; actuando en nome propio ou en representación da entidade.....; con enderezo a efectos de notificacións en, tendo coñecemento do concurso tramitado polo Concello de Cangas para a execución da obra “PAVIMENTACIÓN VIAIS NA PARROQUIA DE DARBO” e enterado dos pregos aprobados ao efecto, fai constar expresamente que:

1. Acepta tomar parte na licitación do indicado concurso de acordo coas condicións previstas polo Concello de Cangas.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación e o proxecto da obra, que, xunto cos pregos técnicos, forma parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción.
3. Comprométese á execución do contrato ofertando nas seguintes condicións:
 - Prezo de execución (IVE engadido)..... (en euros; en número e letra)
 - Prazo de execución:
4. Acompaña no sobre “A” toda a documentación esixida no antedito prego.
5. Achega no sobre “C” proposta técnica de execución do contrato, co contido sinalado na cláusula 16 dos pregos.
6. Se compromete e obriga expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo sinalado na súa oferta a documentación para adxudicación definitiva segundo a cláusula 20 dos pregos.
7. *Para o caso de resultar adxudicatario solicito se eleve o contrato a escritura pública, correndo os gastos xerados por tal concepto da miña propia conta, de acordo co previsto polo artigo 140 LCSP (*),*

.....
(LUGAR E DATA).

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e selo da empresa)

() Unicamente para o caso de que o contratista desexe elevar o contrato a escritura pública.*



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

ANEXO III: AVAL DEFINITIVO

A entidade (*razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca*), NIF, con domicilio (*a efectos de notificacións e requirimentos*) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (*nome e apelidos dos apoderados*), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA

A (*nome e apelidos ou razón social do avalado*), NIF, en virtude do disposto por: (*norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía*) para responder das obrigas seguintes: (*detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantizado*), ante o Concello de Cangas, por importe de: (*en letra e en cifra*).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeción aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)
(razón social da entidade)
(sinatura dos apoderados)

BASTANTEO DE PODERES:

TAXA POR BASTANTEO: O bastanteo de poderes pola Secretaría Xeral está suxeito a taxa por expedición de documentos administrativos por importe de 6,23 euros, debendo acompañarse ao documento carta de pago expedida pola Tesourería Municipal.

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA AO NÚMERO DE PERSOAS DESTINADAS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO

D./D.^a.....con DNI número
....., en nome propio ou en representación da empresa
..... con CIF número, e domicilio fiscal
en....., ao obxecto de participar na contratación
denominada “Pavimentación vias na parroquia de Darbo”, declara baixo a súa responsabilidade:

Que se compromete a destinar á execución do contrato un número total de persoas, das cales
..... están integradas no cadro de persoal da empresa e van ser de nova contratación.

Que coñece as condicións, requisitos e obrigas sobre protección e condicións de traballo que se
esixen para a adxudicación deste contrato.

Cangas,..... de..... de 2009

O licitador

(Sinatura do representante legal e selo da empresa)



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

E así elévanse, por esta Alcaldía á Xunta de Goberno Local para que, tralos informes oportunos, sexa tomado acordo polo órgano competente ao respecto.

Cangas, 24 de febreiro de 2009

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

DILIXENCIA.- Esténdese, como secretaria, para facer constar que o presente prego, que consta de 27 páx., esta incluída, todas elas en papel timbrado municipal, rubricadas por min e seladas co de Secretaría deste Concello, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data ____ de _____ de 2009.

Cangas, ____ de _____ de 2009

A SECRETARIA

Asdo.: M^a Concepción Campos Acuña